

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 20 DE XULLO DE 2017

Logo de confirmar a existencia de quórum, ás 09.37 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**.

Escusan a súa ausencia Blanca Laffon, Susana Ladra e Ignacio Delgado.

1. Informe do reitor

O reitor dálle a palabra ao **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** que informa dos seguintes asuntos:

- Das solicitudes de axudas á investigación de distintas convocatorias: sinala que se presentaron 79 novas solicitudes das axudas de apoio á etapa predoutoral, convocadas pola orde do 29/05/2017 (DOG 109). Destas 37, son de modalidade A e o resto (42) de B.
- Respecto a convocatorias do MINECO indica que se presentaron 18 solicitudes de Excelencia e 41 a Reptos. Alén do máis, presentouse un proxecto europeo da modalidade Dinamización Europea e un de redes e xestores pola OTRI.
- En relación cos proxectos da Xunta, presentouse a prórroga da UMI con Navantia (Estaleiro 4.0) ao GAIN e o apoio a unha solicitude conxunta coa Consellería de Educación de proxecto COFUND-MSCA para contratación de investigadores en centros singulares (neste caso só afectaría ao CITIC). Con respecto a grupos de referencia competitiva presentáronse 12 solicitudes e 15 de grupos de potencial crecemento. Tamén se presentou un proxecto de traxectoria excelente, 3 redes desde a UDC e 16 con outros organismos.
- O pasado 11 de xullo indica que se mantivo a primeira reunión do Comité de Coordinación de Transferencia que é un comisión formada polos coordinadores dos centros tecnolóxicos, a OTRI e o Servizo de investigación co obxecto de articular a política de transferencia.

A seguir, informou o **vice-reitor de Profesorado e Política Docente**:

- O día 29/09/2017 aprobouse en Consello de Goberno a remisión ao Consello Social da proposta de asignación de complementos ao labor docente e ao labor investigador tras a avaliación realizada pola ACSUG.
- O 10/07/2017 autorizouse a integración dunha profesora TIT-EU no corpo de TIT-UN unha vez acadou a acreditación a este corpo, segundo o que establece a disposición adicional 2ª la Lei orgánica 4/2007. Área de coñecemento de Fisioterapia



- O mesmo día 10/07/2017 publicouse o resultado da convocatoria de áreas onde se convocarán prazas de axudante doutor para o curso académico 2017/18.
- O día 11/07/2017 foi publicada a relación provisional do resultado de prelación de áreas de coñecemento onde se convocarán as prazas dos corpos docentes como resultado OEP de PDI do ano 2017.
- O Comité de Empresa de PDI vén de propoñer que se regule a orde de prelación na elección de materias e horarios na elaboración do POD, segundo o establecido nos artigo 95.2 da Lei 6/2013 do sistema universitario de Galicia.
- O día 14/07/2017 a COAP autorizou a venia docente a 5 profesores da EU de Enfermaría e 1 profesora da EU de Turismo. Todas as solicitudes foron informadas favorablemente polos departamentos da UDC agás a da EU de Turismo que non foi solicitada, xa que correspondía a unha materia da área de coñecemento de Filoloxía Alemá que no existe na UDC.
- Nesa mesma data do 14/07/2017 autorizouse a prórroga do contrato solicitada por una profesora axudante do Departamento de Dereito Público debido a que este contrato estivo suspendido entre o 02/01/2013 e o 30/11/2015.
- O 17/07/2017 autorizouse a prórroga da suspensión do contrato dun profesor do Departamento de Computación ao vir desenvolvendo na actualidade un contrato do programa Juan de la Cierva

De por parte, o **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** dou conta dos asuntos seguintes:

- Finalizou o traballo do grupo do *Manual de xestión orzamentaria*. Fíxose a actualización dos capítulos 2 a 6 de gastos. Este documento será o documento en que se baseará a elaboración dos orzamentos para o ano 2018. Vaise elaborar unha táboa de equivalencias entre as contas antigas e as novas que xurdiron deste proceso de traballo. Esta documentación enviarase aos negociados de Asuntos Económicos dos centros.
- Auditoría dos datos para o cálculo do Fondo Estrutural. En setembro vaise facer unha auditoría dos datos para establecer o cálculo do fondo estrutural para o orzamento do ano 2018 para as diferentes universidades.
- Imputacións e validacións de expedientes de gasto:
 - Imputacións: total imputado 65 342,41 €
 - Validacións: total validado 585 504,53 €
- Informe de sustentabilidade: presentóuselle un proxecto na Área da Educación e Medio Ambiente á Fundación Alcoa para ser avaliado polo Comité de Responsabilidade Social Corporativa da mencionada empresa.



A vicerreitora de **Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** informou do seguinte:

- Da publicación da listaxe provisional das bolsas de colaboración para formación complementaria e das bolsas de colaboración nos departamentos universitarios.
- Tamén informou da publicación da listaxe de distribución das bolsas do Ministerio de colaboración nos departamentos. O número de bolsas asignadas á UDC polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte foi de 29, superior ao número de Departamentos. Os criterios para lle asignar as bolsas de colaboración á UDC son o número de sexenios vivos e a carga docente dos departamentos para 4º de grao e de mestrado universitario.

A **vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informou dos temas seguintes:

- Da apertura da convocatoria de bolsas da Fundación Once para estudantes e titulados universitarios que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33 %. O programa recolle a dotación de 20 bolsas para mobilidade transnacional; 20 para mestrados, dúas bolsas para estudos de doutoramento e dúas de investigación e 10 bolsas para deportistas que estean a cursar estudos universitarios. O prazo remata no mes de outubro.
- Xugex: o pasado 7 de xullo celebrouse en Vigo a V Xornada Universitaria Galega en Xénero baixo o título «Transformando desde a Universidade». Estas xornadas constitúen unha fronte común das universidades galegas para liderar unha transformación social a prol da igualdade.

Finalmente, o xerente trasladou ao Consello as informacións que a seguir se relacionan:

- Sobre a oferta de emprego público do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña para o ano 2017, indica que a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda autorizou o 14/07/2017 (rexistro de saída do 20/07/2017) a proposta de Oferta de Emprego Público para o persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña para o ano 2017. Esta proposta, tal e como se informou na sesión anterior do Consello de Goberno, comprende a promoción interna das prazas do Servizo de Informática e Comunicacions (SIC) e do persoal funcionarizado en 2015 (para cumprir o acordado o 20/11/2015 entre as distintas organizacións sindicais e a reitorado da UDC para o ano 2017) e as 21 prazas correspondentes ao acceso libre (a que se suman as xa previstas nas ofertas de emprego público non desenvoltas dos anos 2015 e 2016, 4 prazas cada unha delas).
- Da Resolución da Xerencia do 13/07/2017, pola que se modifica a Resolución da Xerencia 1/2014, do 9 de xullo, pola que se ditan instrucións para a cobertura temporal de postos de traballo de PAS funcionario en comisión de servizos.



- Por Resolución da Xerencia 1/2014, do 9 de xullo, reguláronse as situacións excepcionais e temporais dentro do cadro de persoal funcionario de administración e servizos da UDC, en que por vacante ou por ausencia da persoa titular dun posto de traballo sexa preciso cubrir en réxime de comisión de servizos de acordo coa normativa reguladora do emprego público. Logo da correspondente negociación coa Xunta de Persoal, por Resolución da Xerencia do 13/07/2017, modificáronse os apartados SEXTO e o denominado CRITERIOS PARA A COBERTURA DE POSTOS no que se refire aos postos denominados xefatura de servizo con nivel 28 de complemento de destino da dita normativa, e publicouse o texto consolidado, incorporando a nova redacción dos ditos apartados, que é de aplicación desde o día 14 de xullo que foi o da súa publicación na sede electrónica da UDC.
- Concurso de traslados: no DOG núm. 134, do 14/07/2017 publicouse, como consecuencia da estimación parcial dun recurso de reposición contra a Resolución do 3/04/2017 da Universidade da Coruña pola que se convoca o concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos (DOG núm. 73, 17/04/2017), a Resolución da Xerencia do 4/04/2017 pola que se fai pública a modificación do punto 1.3 da base terceira da Resolución do 3/03/2017 desta universidade pola que se convoca o concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes a persoal funcionario de administración e servizos (*Diario Oficial de Galicia* número 73, do 17 de abril).

2. Aprobación da acta da sesión ordinaria do 29 de xuño de 2017

A acta é aprobada sen modificacións nin votos en contra.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en, tres convenios específicos (3), e corenta e seis convenios para prácticas (46) e que son aprobados sen votos en contra, segundo figura no **anexo III**.

4. Proposta de modificación do Regulamento de uso de medios electrónicos e sinatura electrónica da UDC

Logo de a presentar o secretario xeral, a proposta foi aprobada sen votos en contra segundo figura no **anexo IV**.

5. Novas propostas e modificacións de títulos universitarios oficiais de grao, mestrado e doutoramento

Logo da presentación realizada pola **vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, toma a palabra a profesora **Elena Sierra**, directora do Departamento de Educación Física, para anunciar o seu voto contrario no

relativo ao título proposto de Doutoramento en Saúde e Motricidade Humana. Votará en contra porque se solapa, ao seu ver, con outro programa xa existente. Denuncia que nin no decanato nin no centro se dispuxo de información previa ningunha e indica que existiron irregularidades como as coincidencias mesmo literais na documentación presentada coa do programa xa existente. Sinala que o departamento que ela dirixe presentou alegacións na EIDUDC e que esta eliminou as páxinas coincidentes e resolveu que non existía solapamento. Porén, o departamento mantén a súa posición inicial. Para o caso de que o programa finalmente se aprobar, solicita que se adscriba a unha UADI diferente á do INEF.

Toma a seguir a palabra o decano de Ciencias, **Moisés Canle**, para manifestar que lle parece absurdo que o documento se someta a aprobación con tan pouca información e sen se teren respondido as alegacións formuladas pola Facultade de Ciencias, excepción feita da resposta recibida ás alegacións formuladas ao grao proposto en biotecnoloxía. Considera que este non é xeito de traballar e fica con mala sensación, a nivel interno da UDC e externo do conxunto do SUG. Pregúntase se ten sentido aprobar agora o título de biotecnoloxía se, pola información da que dispón, a Xunta non vai autorizar a súa implantación.

Carlos Vázquez Cendón intervéñen para sinalar que non é exacto dicir que os dous primeiros anos do grao da Paisaxe se vaian impartir na USC. O correcto é dicir que os dous primeiros están baixo a tutela académica da USC, os dous últimos da UDC e que a coordinación do título corresponde tamén á nosa universidade.

Anxo Calvo pon de manifesto as disfuncións decorrentes da falta de coordinación entre as tres universidades do SUG no relativo ao calendario de aprobación de mestrados. Sinala que o documento sometido ao Consello de Goberno non é exactamente o mesmo que se presentou á Xunta debido aos cambios introducidos durante a súa tramitación polas outras universidades galegas. Solicita a previsión dun procedemento especial para a aprobación dos mestrados interuniversitarios.

Toma a palabra o **reitor** para lembrar que cada universidade ten un procedemento de aprobación de títulos diferente. Que o da UDC establece que é responsabilidade dos centros contestar as alegacións. E que, en todo caso, o que hoxe aprobamos é unha proposta de memoria dun título que aínda ten que pasar pola ACSUG que, obviamente, poderá introducir modificacións. O mesmo acontece cos títulos interuniversitarios (a memoria remitida á axencia avaliadora será o resultado da incorporación das diferentes alegacións). E isto, acrecentou, sen prexuízo de que se poida facer un esforzo por coordinar calendarios. De resto, lembrou que o informe do Servizo de Xestión Académica foi sempre exhaustivo e de legalidade.



Pola súa parte, a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** destacou a utilidade de aprobar a proposta, porque os títulos que non se implanten este ano ficarán nunha listaxe de agarda para os próximos cursos. Lamenta as disfuncións, mais afirma que información houbo, actualizada, na ligazón web correspondente. Sobre o título de paisaxe, indicou que do que se trata é de reducir no posible os desprazamentos dos estudantes.

O director da ETSAC, **Fernando Agrasar**, interveu para dicir que o grao de Paisaxismo ten xa certa historia ás costas, partindo do mestrado en colaboración coa Fundación Juana de Vega. Que para logralo houbo que vencer as reticencias da USC e que, finalmente, tras conseguir o acordo, se formou unha comisión para elaborar o plan de estudos. Acordouse que os dous primeiros anos se impartisen en Lugo e os dous últimos na UDC.

Acerca do doutoramento en saúde e motricidade, a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** interveu novamente para sinalar que a EIDUDC atendeu as alegacións formuladas, concluindo que hai complementariedade e non solapamento. É un programa máis amplo que o que xa existe, ao tentar integrar doutorandos procedentes doutras titulacións (como Podoloxía) e esa será a forma de incrementar o número de sexenios do PDI que nel participe. Lembrou que se trata dun programa interuniversitario en que participan as universidades de León e Estremadura e se non participa aínda a de Vigo foi por non chegar a tempo. O programa, rematou, abre novas oportunidades de acceso ao doutoramento para o alumnado da UDC.

Sobre os prazos, **Mariló Candedo** toma a palabra para indicar que aínda que o calendario da UDC é o que remata máis tarde, hai prazos internos para negociar cos centros e, alén do máis, este ano concorreron circunstancias específicas –novas dirección que deberon retomar o procedemento, a vontade de pór en marcha títulos máis transversais etc–. Por iso solicita comprensión, xa que a UDC se sumou a un convoi que xa estaba en marcha. Comprometeuse a mellorar o calendario para o próximo ano e lembrou que a Consellaría recomenda, antes do envío á ACSUG, que as propostas se sometan a avaliacións externas. A **vice-reitora de Oferta Académica** lembrou que da revisión que a Consellaría fará no mes de agosto tamén poden saír novas modificacións.

O profesor **Manuel Peralbo** sinala que a coordinación non se debe referir apenas ao SUG, mais tamén a universidades de fóra de Galicia. O fundamental, ao seu ver, é que a UDC teña a capacidade de flexibilizar o seu propio calendario co fin de recoller e se adaptar ás novas achegas. Estase a facer un esforzo importante en materia de titulacións, apostando polas interuniversitarias, e isto supón ter que lidar coas disfuncións do calendario. Por esa razón, indicou a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, a universidade de Vigo abriu ata novembro a posibilidade de introducir modificacións.



A respecto do programa de doutoramento en Saúde e Motricidade Humana, a profesora **Sonia Souto** manifesta que o departamento e a Facultade de Fisioterapia tamén se queixaron da falta de información e de consulta. Houbo alegacións, a título individual, de profesores de Fisioterapia que semella, á vista da memoria, que si foron incorporadas aínda que non fosen contestadas. Manifesta tamén a existencia de solapamento coas liñas de investigación de Ciencias da Saúde e, finalmente, quéixase de que no Consello de Goberno debatamos asuntos que teñen que ver coa EIDUDC sen que exista unha interlocución directa que non pase pola Vicerreitoría. O reitor contesta que a EIDUDC é un centro que ten, como única particularidade, a xestión de programas de doutoramento.

Elena Sierra insiste na existencia de solapamentos e lembra que o programa existente tamén está aberto a alumnado procedente doutras titulacións. Sobre a EIDUDC, manifesta a súa sorpresa porque sexa tan esixente para algún trámites e tan descoidada para outros como, por exemplo, a publicación na súa páxina web de páxinas idénticas ás doutro programa.

Sometida a votación, a proposta foi aprobada por 29 votos a favor, 1 en contra e 8 abstencións, segundo figura no **anexo V**

6. Programa de Simultaneidade de Estudos: Máster Universitario en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos e Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas

Presenta a proposta a **vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, que salienta o feito de que se trata da primeira simultaneidade de títulos de mestrado.

Anxo Calvo intervén para explicar as orixes do acordo, unha idea que naceu na ETS de Camiños, Canais e Portos e que pretende que os estudantes de mestrado de camiños o poidan simultanear co MBA da Facultade de Económicas e ADE. Máis outra vía para reter alumnado de grao na nosa facultade. Trátase dun programa esixente articulado a través dunha reserva flexible de 1/3 da matrícula do MBA.

Luís Hervella, decano da Facultade de Informática, deulles os parabéns aos promotores e sinalou que a iniciativa marca un camiño a seguir.

Pola súa parte, **Ignasi Colominas**, director da ETSECCEP, informou de que o mestrado terá 120 créditos repartidos en dous anos académicos e fixo explícito o seu agradecemento a Anxo Calvo e á Facultade de Economía e Empresa.

O **reitor** sumouse aos parabéns, o mesmo que a **vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente**.

A proposta foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo VI**.

7. Proposta de adaptación das normas específicas dos programas de simultaneidade de grao á norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión de estudantes de grao e mestrado universitario da UDC

Logo de que a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** presentase a proposta, que figura como **anexo VII**, esta foi aprobada sen votos en contra.

8. Títulos propios de posgrado

A proposta foi presentada pola **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** e foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo VIII**.

Tras a aprobación, **Nona Inés Vilariño** pregúntalle á **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** por que nun dos títulos se fai mención expresa do fútbol e non dos deportes de equipo en xeral. A vice-reitora contesta que obedece á existencia dun convenio asinado co RCD da Coruña.

9. Proposta de regulamentos dos grupos de innovación educativa

A proposta foi presentada pola **vice-reitora de Oferta Académica**, que advertiu que aínda está pendente de revisión polo SNL.

Toma a seguir a palabra **Moisés Canle** para preguntar se se trata dunha iniciativa da UDC ou se fai parte dalgunha estratexia que vai alén da institución. A **vice-reitora** responde que só é da UDC. O reitor intervén para sinalar que nos procedementos de acreditación pídese, cada vez máis, a participación e iniciativas de innovación docente e con este regulamento ofréceselle ao PDI da UDC unha vía para o facer.

María Luísa Sánchez solicita que calquera proposta como esta –que saúda– sexa previamente negociada en mesa sectorial cando poida ter repercusión sobre os complementos e a progresión do PDI. O **reitor** esclarece que do que se trata é de recoñecer oficialmente na UDC iniciativas que xa estaba a realizar o profesorado. En calquera caso, demandou **María Luísa Sánchez**, o Docentia debe levarse á mesa sectorial.

A proposta foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo IX**.

10. Proposta da creación da Spin-Off Ius Publicum Innovatio SL (IPI)

A proposta foi presentada polo **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia**.

Intervén **María Luísa Sánchez** para manifestar a súa sorpresa coa proposta, indicando que a universidade non é unha asesoría. Unha spin-off, indica, debe ter unha base tecnolóxica que neste caso non existe.



O **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** responde que as spin-off non se poden restrinxir ao ámbito tecnolóxico. Os promotores poderían canalizar a súa actividade a través do art. 83 LOU, mais se queren dar este paso a UDC débeos apoiar.

A proposta foi aprobada coa abstención de **María Luísa Sánchez** e figura como **anexo X**.

11. Proposta de regulamento de egresados/as

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** presenta o Regulamento que está no repositorio. O motivo deste regulamento é que o artigo 19 do Real decreto 1791/2010, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, recoñece o dereito dos/as antigos/as estudantes a se agruparen en asociacións, que se deberán rexistrar nas universidades segundo os requirimentos e procedementos que estas determinaren. Con ese fin, ao ser o asociacionismo de antigos/as estudantes unha realidade consolidada na Universidade da Coruña, estímase conveniente dotar este fenómeno dunha regulamentación propia co fin de o fomentar e ordenar.

Fernando Agrasar saúda a iniciativa e ofrece a colaboración da ETSAC. Chama a atención sobre que o requirimento sexa estudar polo menos un ano na UDC para poder ser considerado egresado/a e non ser graduado ou titulado na nosa universidade.

Teresa López felicítase tamén pola iniciativa, mais pregunta se, á vista da redacción, estudantes egresados/as e antigos/as alumnos/as son ou non realidades diferentes.

Moisés Canle tamén saúda a iniciativa e suxire que esta asociación sexa a vía para que alumnado egresado, que está a facer prácticas en empresas, poida manter o seu vínculo coa UDC.

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** esclarece que pedir un ano académico é, á vista doutros regulamentos, un requirimento esixente. Sobre a asociación de estudantes, aclara que só haberá unha recoñecida pola UDC, sen prexuízo da liberdade de asociación. Intervén o **secretario xeral** para explicar este punto con máis pormenor.

Tras reiterar a profesora **María Xesús Lorenzo Modia** o pedimento de que se aclare e precise a redacción da proposta, esta foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo XI**.

12. Proposta de novo representante do estudiantado no Consello Estatal de Estudantes Universitarios

Foi designado por unanimidade **Miguel Paramio Santamaría**.

13. Proposta de modificación da denominación do Departamento de Computación

A proposta de rexeitamento da solicitude foi presentada polo **reitor** quen, a seguir, convidou o director do departamento, **Alejandro Pazos**, a explicar as razóns polas que solicita o cambio.

Tras agradecer o convite do reitor, o profesor **Alejandro Pazos** cuestiona, en primeiro lugar, que esta solicitude sexa tratada, segundo el, de forma diferente a como o foran outras similares no pasado. Quere pensar que existe algún motivo, aínda que non alcance a coñecer cal sexa. Ata agora, sinala, os cambios de denominación eran meros asuntos de trámite. Intervén o reitor para indicarlle que ten un tempo limitado e que aínda non deu ningunha razón para explicar o cambio que demanda.

A segunda razón, prosegue o profesor **Pazos**, é que os departamentos TIC e de computación foron reunidos á forza, contra a súa vontade, nun único departamento que xunta catro áreas moi heteroxéneas. Algunha non se encontra cómoda co nome de «Computación» e foi por iso que comezamos a pensar nunha denominación diferente. Os membros do departamentos propuxeron nove nomes e logo do debate no seo do consello acordamos propor o de «Enxeñaría Informática». Volveu manifestar a súa estrañeza porque desde a Reitoría se lle pedise o parecer ao centro e a outros departamentos. O departamento que se opón á proposta chámase «Enxeñaría dos Computadores» (o outro, o de Matemáticas, non ten problema ningún). E o centro, pola súa parte, propón que o cambio de nome sexa decidido polo Consello de Goberno.

Tras solicitar que a demanda fose tratada como un asunto de trámite que non afecta a ningún uso universitario nin levanta ningún problema ético, o profesor **Pazos** abandonou a sala.

Aberta unha quenda de intervencións, o **secretario xeral** explica que a solicitude de informes obedeceu á evidente similitude entre as denominacións.

A seguir, o decano de informática, **Luís Hervella**, di comprender as razóns do departamento. Mais tamén ser consciente do risco de confusión coa denominación do centro e cos doutros títulos oficiais. Anuncia a súa abstención.

A profesora **María José Martín Santamaría**, directora do Departamento de Enxeñaría dos Computadores, insiste no risco de confusión con denominacións de centros, departamentos e titulacións oficiais de grao e mestrado.

Carlos Vázquez Cendón, director do Departamento de Matemáticas, di entender as razóns de Pazos e mais tamén as de Martín Santamaría. Tras suxerir o nome de Enxeñaría Informática 1 e Enxeñaría Informática 2, anuncia a súa abstención.



O profesor **Pérez Valcárcel** comprende que se queira modificar o nome e, nese sentido, avoga porque se respecte o nome que cadaquén libremente propoña. Recoñece que o nome proposto colide coa denominación oficial de titulacións existentes e suxire que se lle pida ao departamento unha reconsideración da proposta.

O profesor **Luís Castedo**, sen negar a liberdade invocada polo anterior interveniente, afirma que o nome debe responder a unha realidade e, se hai controversias, terá que resolver o Consello de Goberno. Dado que na Facultade de Informática hai diferentes departamentos, lembra que nos EUA se diferencia entre a Computer Engineering (enxeñaría) e a Computer Science (ciencias). No caso español, ambas conviven nas facultades de informática, dentro da enxeñaría informática. O nome elixido non lle parece adecuado por crear confusión.

O **reitor** di que, inicialmente, no departamento só había dúas áreas (as incluídas no departamento de TIC e computación). E lembra que foi o departamento TIC o que solicitou que enxeñaría telemática se incorporase ao novo departamento. Habendo na Facultade de Informática dous departamentos, o máis lóxico sería que un se chamase Enxeñaría de Computadores e o outro Ciencia da Computación. Porén, dado que non todas as áreas de enxeñaría informática están no mesmo departamento, o nome proposto para un deles provoca confusión. Os departamentos anteriores denominábanse TIC e Computación. Poderían ter escollido calquera destes dous nomes, mais optaron por outro.

Sometida a votación, a proposta foi rexeitada por 0 votos a favor, 19 en contra e 14 abstencións.

Nona Inés Vilariño, tras recoñecer que non é lóxico que unha parte se queira apropiarse do nome do todo, anuncia a súa abstención.

14. Avance da liquidación orzamentaria da UDC correspondente ao exercicio 2016

Foi presentada polo **xerente**, que advertiu que se trataba dun avance, en previsión de que no mes de outubro a liquidación poida ser aprobada xa polo Consello, acompañada do correspondente informe de auditoría.

Anxo Calvo indica que o documento foi sometido á Comisión de Asuntos Económicos e saúda que, recollendo as suxestións do Consello, o avance sexa obxecto de debate. Sobre o contido do documento, realiza varias consideracións: (1) malia haber déficit, estamos agora mellor do recollido no plan de equilibrio coa Xunta; (2) a sentenza do PFSUG permitiría, de se incorporar o seu resultado a este exercicio, ofrecer uns números mellores; (3) volve repuntar o remanente de tesouraría, e iso é un dato positivo.

O **xerente** confirma que se comprometera coa Consellaría de Facenda un déficit máximo para 2016 de 1,5 millóns de euros, e o déficit resultou ser inferior: 1,3 millóns de euros. Son moi bos datos porque a Xunta percibe que a UDC cumpre. Concorde con Anxo Calvo en que a incorporación da sentenza melloraría os resultados do exercicio.

15. Proposta de convocatoria de prazas de corpos docentes

Presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**.

A seguir, toma a palabra **María Luísa Sánchez Simón** para queixarse de que a proposta non pasou pola mesa sectorial, que só foi informada. O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** esclarece que o informe se someteu á mesa, o mesmo que á COAP.

A proposta foi aprobada sen votos en contra segundo figura no **anexo XII**.

16. Proposta de convocatoria de PDI contratado

Presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**.

Intervén o **reitor** acerca do desenvolvemento do cadro de PDI na UDC. Indica que a UDC está a facer un esforzo de consolidación de prazas estruturais (axudante doutor, contratado doutor, titular de universidade). Por tanto, cando se convoca unha destas prazas cómpre actuar con rigor, asegurar as posibilidades de promoción profesional. Por iso, ao convocar unha praza de axudante doutor hai que garantir, financeira e academicamente, a posibilidade de ofertar unha praza de promoción. Non podemos convocar máis de vinte prazas de axudante doutor, porque non estaríamos en condicións de asegurar a promoción dese profesorado. E a sentenza do PFSUG non muda nada, xa que hai que contar co límite do capítulo I e co dato de que o financiamento estrutural da UDC coincide, practicamente, co noso gasto de persoal. A capacidade de captar novo profesorado ten de ir da man do rigor na convocatoria de prazas. E iso é responsabilidade de todos/as. Lembrou que ese día, 20 de xullo de 2017, se cumpría o 28 aniversario da UDC.

A profesora **María Luísa Sánchez Simón** destacou a existencia de varios asuntos sobre os perfís das prazas.

O vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente recoñece que é preciso extremar o rigor na convocatoria de prazas de axudante doutor, lembrando que en Galicia non é posible utilizar a figura de contratado doutor interino que si é común noutras CCAA, cuxa convocatoria é agora facilitada pola Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017.

A proposta foi aprobada sen votos en contra segundo figura no **anexo XIII**.



17. Proposta de modificación de dedicación PDI

Presentada polo vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada sen votos en contra e figura como **anexo XIV** da presente acta

18. Proposta de modificación de áreas de coñecemento/departamento

A proposta presentada polo vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada sen votos en contra segundo figura no **anexo XV**

19. Proposta de autorización de ano sabático para o curso 2017-2018

A solicitude é presentada polo vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente**, quen informa de que a COAP propón que non se lle conceda o ano sabático ao profesor Arsenio Ferraces Rodríguez ao estar informada previamente de xeito negativo polo Departamento de Letras, alegando entre outros motivos a falta de capacidade docente da area de coñecemento.

Intervén a directora do Departamento de Letras, Teresa López, para facer dúas observacións: (a) que o departamento informou sobre as alegacións formuladas polo profesor solicitante perante a vicerreitoría de **Profesorado e Planificación Docente**, non sobre a solicitude; (b) sobre a normativa de anos sabáticos, manifesta que sería conveniente revisala para esclarecer cal é o prazo para a formulación de solicitudes e mais tamén o obxecto do informe do departamento.

Pola súa parte, o vicerreitor, tras coincidir na necesidade de revisar o regulamento, informa tamén sobre a licenza de ano sabático denegada nun consello anterior para unha profesora de fisioterapia indicando que o día 19 de xullo foi recibida unha nova solicitude de licenza –non de ano sabático– desde o día 19/10/2017 até o 6/07/2018, que tamén se somete ao Consello.

A proposta de ano sabático foi denegada de acordo coa proposta da COAP e o informe negativo do seu departamento segundo figura no **anexo XVI.I**

A proposta de licenza foi aprobada sen votos en contra, segundo figura no **anexo XVI.II**

20. Renovación e nomeamento de profesorado emérito e honorario

A proposta presentada polo vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente** (6 solicitudes de nomeamento de eméritos, 3 de honorarios, 4 renovacións de honorarios) foi aprobada sen votos en contra figurando a documentación como **anexos XVII.I e XVII.II**

21. Proposta de aprobación dos regulamentos de réxime interno dos Departamentos de Química, Letras e Empresa

A proposta foi presentada e explicada polo secretario xeral.

A seguir, Teresa López, directora do Departamento de Letras, formula diversas emendas *in voce* aos puntos 14.1 e 14.2 da proposta de regulamento para o amentado departamento (substituír PDI por persoal docente e investigador) e 16.4 (incluír un inciso final: «a asistencia a distancia estará condicionada á dispoñibilidade de medios técnicos»).

Coa incorporación desas emendas, a proposta foi aprobada sen votos en contra. A documentación figura como **anexo XVIII.I, anexo XVIII.II e anexo XVIII.III.**

22. Quenda aberta de intervencións

Intervén a profesora **María José Martín Santamaría** para cuestionar que na convocatoria de prazas de promoción de TIT-U a CAT-U se siga un criterio de ramas de coñecemento que non se aplica á promoción de CD a TIT-U. Propón que se siga un criterio estrito de data de acreditación. O **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** comprometeuse a que esta proposta sexa tratada no próximo Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a sesión rematou ás 13:24 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 14 páxinas numeradas e seladas, foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data **28 de setembro de 2017**

O secretario xeral

Asdo. Carlos Aymerich Cano